

DOMINGO I DE CORESMA (C)

PRIMEIRA LECTURA Dt 26, 4-10

Lectura do libro do Deuteronomio

Faloulle Moisés ó pobo dicindo: O sacerdote collerá a cesta da túa man e poraa diante do altar do Señor, teu Deus. Entón ti tomara-la palabra e dirás diante do Señor, teu Deus: Meu pai era un arameo errante que baixou a Exipto, onde residiu como emigrante con pouquiña xente que o acompañaba.

Alí converteuse nun pobo grande, poderoso e numeroso. Pero os exipcios maltratáronnos, oprimíronnos e impuxéronnos cruel servidume. Entón chamamos polo Señor, Deus de nosos pais, e o Señor escoitou o noso clamor e viu a nosa opresión e o noso duro traballo. Logo o Señor fixonos saír de Exipto con man forte e brazo estendido, con gran terror, con sinais e con feitos maravillosos, e fixonos entrar neste santuario e entregounos esta terra, terra que deita leite e mel.

Por isto, velaí que agora eu trouxen as primicias dos froitos da terra que ti me deches, Señor. Poralas na presenza do Señor, teu Deus, prostraraste na presenza do Señor, teu Deus.

SALMO RESPONSORIAL Sal 90, 1-2. 10-11. 12-13. 14-15

R/. (cf. 15b): **Acompáñame, Señor, na tribulación.**

Ti que habitas ó abeiro do Altísimo
e moras á sombra do Omnipotente,
dille ó Señor: "Meu refuxio, miña forza,
meu Deus, en quen confío".

Ningún mal te atinxirá,
ningunha praga se achegará á túa tenda,
porque el mandará os seus anxos onda ti,
para que te garden en tódolos camiños.

Levarante nas súas mans,
para que non bata na pedra o teu pé.
Poderás camiñar sobre áspides e víboras,
e esmaga-lo león e o dragón.

Hei libralo, porque se apegou a min;
hei protexelo, porque coñece o meu nome.
Cando me chame, hei responderlle;
con el estarei na aflicción,
para defendelo e honralo.

SEGUNDA LECTURA Rm 10, 8-13

Lectura da carta do apóstolo San Paulo ós Romanos

Irmáns: ¿Que di a Escritura? Cerca de ti está a palabra, na túa boca e no teu corazón.

Esa é a palabra da fe que anunciamos. Porque, se confesas coa túa boca que Xesús é Señor e cres de corazón que Deus o resucitou dos mortos, serás salvo. Pois crese co corazón para acada-la xustiza; e maniféstase coa boca para logra-la salvación. Porque di a Escritura: todo o que crea nel non quedará defraudado.

Daquela non hai diferenza entre o xudeu e o grego, pois un mesmo é o Señor de todos, rico para tódolos que o invocan; porque todo o que invoque o nome do Señor será salvo.

EVANXEO Lc 4, 1-13

Lectura do santo Evanxeo segundo Lucas

Naquel tempo, Xesús, cheo de Espírito Santo, volveu do Xordán, e o Espírito levouno deserto adiante, durante corenta días, onde o tentou o Satán. Naqueles días non probou bocado, pero ó cabo deles sentiu fame. E díxolle o Satán: - Se e-lo Fillo de Deus, manda que estas pedras se volvan pan. Respondeulle Xesús: - Está escrito: O home vive de algo máis que de pan.

Despois levouno a un outeiro e mostroulle nun intre tódolos reinos do mundo. Díxolle o Satán: - Dareiche todo o seu poder e toda a súa gloria, porque mos entregaron a min e doullos eu a quen quero: Se me adoras todo será teu. Respondeulle Xesús: - Escrito está: Adorara-lo Señor, teu Deus, e só a El darás culto.

Levouno logo a Xerusalén e plantouno no cumio do templo e díxolle: - Se e-lo Fillo de Deus, bótate de aquí abaixo, que está escrito: Mandará os seus anxos para que te garden; e tamén: Levirate nas súas mans para que non se manquen os teus pés nas pedras.

Xesús respondeulle: - Está mandado: Non tentara-lo Señor, teu Deus. E rematadas as tentacións, o Satán deixouno ata o tempo axeitado.